

Venres, 9 de abril de 2021

Núm. 66

ADMINISTRACIÓN LOCAL PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA PROVINCIAL REGULADORA DA COMPOSTAXE LOCAL PARA OS BIORRESIDUOS MUNICIPAIS DO REVITALIZA

O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de marzo de 2021, acordou aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza provincial reguladora da Compostaxe local para os Biorresiduos Municipais do REVITALIZA.

En cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, devandito documento sométese a información pública polo prazo de trinta días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante o cal poderán presentarse as reclamacións que se estimen oportunas.

Así mesmo, durante o prazo de exposición pública e de acordo co establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, publicaranse na páxina web “www.depo.gal” as correspondentes memorias xustificativas, informes e demais documentación do expediente de aprobación inicial da modificación da Ordenanza provincial reguladora da Compostaxe local para os Biorresiduos Municipais do REVITALIZA.

O expediente tamén se poderá consultar no Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación Provincial de Pontevedra.

A modificación inicial da Ordenanza provincial reguladora da Compostaxe local para os Biorresiduos Municipais do REVITALIZA entenderase definitivamente aprobada no caso de que no prazo sinalado non se formularen reclamacións, procedéndose á publicación do texto íntegro da modificación da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia a efectos da súa entrada en vigor, unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles ao que fai referencia o artigo 65.2 da citada Lei 7/1985, de 2 de abril.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O DEPUTADO DELEGADO DO REVITALIZA

Uxío Benítez Fernández

O SECRETARIO

Carlos Cuadrado Romay

BOPPO/PÁXINA WEB.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:WE04G7CHYBIM1V5H

